

ORDENANZA Nº 11

DENOMINACIÓN: Equipamentos

ÁMBITO E CARACTERÍSTICAS: O seu ámbito delimitase nos planos de ordenación. Poden ser dos seguintes tipos: deportivo, docente, administrativo, socio cultural, relixioso, sanitario, servicios técnicos.

Edificabilidade máxima: *En solo urbano:* o da ordenanza en que se emprace. No seu defecto 0.80 m²/m²

En solo rústico: 0.5 m²/m²

Parcela mínima: *En solo urbano:* non se determina

En solo rústico: a unidade mínima de cultivo

Recuamentos:

En solo rústico:

Frontal: o que estableza a lexislación sectorial segundo o tipo de vía.

Laterais e fondo: 3 metros ou adosado en casos de existir parede medianeira e con acordo co lindeiro.

En solo urbano:

Os da ordenanza en que se emprace.

Altura da edificación:

En solo urbano: a da ordenanza en que se emprace.

En solo rústico:

7 metros (Baixo e unha planta). Poderase superar esta altura xustificando a necesidade de que o equipamento en cuestión así o require.

Usos: admitense exclusivamente os usos propios do equipamento concreto de que se trate, excluindo expresamente o uso residencial que soamente terá cabida nos casos en que sexa necesario dispoñer dunha vivenda para os vixilantes do equipamento de que se trate.

Condicións especiais:

Dada a gran diversidade de situacións que poden presentarse, considerase fixa a edificabilidade sinalada en cada caso, podendo adapta-lo número de plantas e a altura da edificación en función das características especiais do equipamento e previa xustificación da conveniencia do cambio.

Aparcamentos: disporase o número de aparcamentos correspondente á actividade concreta en función dos baremos que habitualmente se establecen para cada uso concreto. En calquera caso, o mínimo admitido será dunha praza de aparcamento por cada 80 m² de edificación sobre rasante.